

TEIXEIRO, Lidia (comp. e dir.); Inés FERNÁNDEZ MOURIER (ed.), Claudia GUTIÉRREZ VALERO (ed.) e Mihai PARIS (ed.) (2017): *O poliedro da soidade*. Santiago de Compostela: Andavira Editora, 61 pp.

Na soidade non hai promesas, só un mundo que se escolle. Así empeza un dos poemas desta antoloxía literaria. Precisamente a palabra *soidade* é o punto de partida. As palabras, que significan algo diferente para cada un de nós, mais ao mesmo tempo todos sabemos o que son; todos somos expertos nesta disciplina. A obra colectiva *O poliedro da soidade* permítenos entrar de novo, cunha perspectiva diferente e sen opinións preconcebidas, ao tema da soidade.

Esta antoloxía é froito da colaboración entre uns estudantes ambiciosos de Literatura Galega na Universidad Complutense de Madrid e uns poetas novos galegos, tanto xa recoñecidos coma os que aínda están nos inicios da súa carreira literaria. O título desta antoloxía reflicte ben o seu contido. Son 12 pezas que, metaforicamente, forman unha figura xeométrica chamada o poliedro. Cada cara deste poliedro comparte un vértice con cada unha das outras caras. As caras son múltiples pero o vértice é unidimensional; esta dimensión é o tema da soidade.

A soidade aquí é unha riqueza de sensacións e multiplicidade de puntos de vista. A orde dos textos non é casual. O primeiro paso polo libro dámo-lo a través do poema breve e reflexivo de Xosé Manuel Xespi, sen título, onde a soidade está reflectida nunha triste condición da nosa realidade na que *falseamos e mentimos acotío*. Non obstante, é moi significativo que o poema empece cunha visión de esperanza: *ningún adeus é definitivo*.

Ningunha das definicións de soidade é definitiva, tal como demostran os poetas aquí. A soidade é un gran segredo. É difícil definila. Con todo, podemos preguntarnos se realmente é necesario intentar atribuírlle unha definición específica. Despois de ler estes poemas pódese chegar á conclusión de que non hai necesidade de formular unha única definición. É máis, esta

non existe. Niso precisamente reside a orixinalidade desta obra. Todos os autores contribúen, con plena liberdade, á súa experiencia e visión persoal da soidade. Ademais, moitos deles loitan contra os tópicos mostrando que a soidade non ten que ser algo pexorativo, como no poema “Sozinha” de Susana Sanches Arins, ou na visión do mundo bastante melancólica de Amanta Castro, chea dunhas curiosas imaxes escollidas pola autora para falar dunha soidade desexable.

A singularidade desta antoloxía está oculta en diferentes contextos, espazos e condicións en que os autores e as autoras procuran a súa propia expresión, como no poema de Begoña Regueiro onde a autora comparte cos lectores unha imaxe de soidade que “flúe” polo seu corpo. O que chama a atención é que os poetas intentan superar os límites e formas tradicionais de expresión, demostrando deste xeito que a soidade pode significar moito máis que un simple sentimento, como por exemplo no poema fragmentario de Isabel Gómez, ou na curiosa creación escrita en prosa por Enzo Buonhora.

Só en cinco poemas aparece a palabra *soidade*, polo que un lector pode pensar que as reflexións destes poetas son moi libres e non teñen moito que ver co tema da soidade. Efectivamente, nalgúns só lles serve de punto de partida como, por exemplo, en Sabela Rodríguez Reino, que escribe sobre os ciclos en soidade pero ao final desvíase cara á idea de amor. Tamén en José Francisco Varela Rial, no seu poema, marcadamente de carácter intimista, esixe do lector unha reflexión máis profunda.

Gocei moito lendo estes poemas porque ao longo da lectura puideron ir coñecendo un orixinal sabor de soidade que confirma, de maneira paradoxal, que nunca estamos sós, xa que compartimos esta experiencia con outros. Persoalmente, o poema que máis me chama a atención é o que pecha esta antoloxía. A autora,

Eli Ríos, escribe, dun xeito moi curioso, sobre a visión da maternidade cando a soidade é desexable e necesaria. Non obstante, o final do poema sorprende porque convida a achegarnos de novo ao concepto da soidade e recrealo. É unha invitación que non me deixou indiferente.

Gustárame recomendar a todos a pasar un bo momento con esta antoloxía de poesía para ver a soidade a través dos ollos e das palabras dos demais; para percibir que non é só un sentimento raro ou negativo. Grazas á lectura

desta obra, a soidade paréceme unha sensación moito máis coñecida, íntima e persoal. Estes poetas cambiaron a miña perspectiva de ver o concepto de soidade. Polo tanto, recomendo a que o lector se arrisque a unha extraordinaria viaxe con estes poemas, que lle permitirán chegar a un novo porto, onde a sensación de soidade xa nunca será igual.

Milena Stępień
Uniwersytet Warszawski
milenastepien7@gmail.com